



# CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06  
C.I.F.: P-1502200-G

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN DATA OITO DE ABRIL DE DOUS MIL QUINCE.

### **PRESIDENTE**

D. Luis Rubido Ramonde

### **CONCELLEIROS**

Don Alfredo Vilela Santalla  
Dona M<sup>a</sup> Luisa Pérez Prieto  
Dona Almudena Molina Pérez  
Don Pablo Luis Nebril López  
Don Juan Carlos Romero Beceiro  
Dona M<sup>a</sup> del Pilar Pérez Villar  
Don José Luis Vergara Rey  
Dona Emilia Durán Fernández  
Don Manuel Pérez Riola  
Dona M<sup>a</sup> José Rodríguez Pérez

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Cedeira (A Coruña), ás nove horas e trinta e tres minutos do día oito de abril de dous mil quince, réunese o Concello Pleno en primeira convocatoria, previa convocatoria para os efectos, co obxecto de realizar unha sesión extraordinaria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde- Presidente e coa asistencia dos Sres./Sras. concelleiros/as que se relacionan á marxe, actuando como secretaria a titular da Corporación, dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

### **AUSENTES:**

Excusan a súa asistencia as concelleiras  
Dona M<sup>a</sup> del Carmen Vergara Rey e  
Dona Cristina Prieto Lago

A presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións plenarias, declara aberta ésta, pasándose ó estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **SECRETARIA:**

Dona Ana Velo Ruiz

### **INTERVENTOR:**

Don Jorge Manuel Vidal Zapatero

## **1.- PROPOSTA DE MODIFICACION PRESUPOSTARIA MC 02 2015 TC 01 2015**

Pola Secretaria dase lectura ao ditame da Comisión Informativa de Facenda, Estatística e Contas do día 06.04.2015, do seguinte teor literal:

"Vista a proposición da Alcaldía de data 24 de marzo de 2015, que dí:

### **"PROPOSTA MODIFICACIÓN PRESUPOSTARIA MC 02 2015 TC 01 2015**

Sendo imprescindible a realización de diversos gastos para os cales o crédito existente no Presuposto resulta insuficiente ou non existe, resulta necesaria a aprobación desta modificación co obxecto de e dotar de crédito partidas para facer fronte a gastos diversos non previstos no momento de elaboración do orzamento.



# CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06  
C.I.F.: P-1502200-G

Entre as actuacións obxecto do presente expediente se atopan as seguintes:

Finalidade	Partida	Importe
Adquisición de inmovible (edificio colindante coa biblioteca municipal)	3321.622.00	22.000€
Adquisición de inmovible (solar para mellora de espacio urbano) (C/Silva)	450.609.00	12.000€
Remodelación edificios municipais	920.632.00	3.000€
Subministrados xardinería	171.221.99	4.000€
Posta en valor de elementos arqueolóxicos e históricos en espazos públicos	336.609.00	8.256,15€
TOTAL		<b>49.256,15€</b>

No expediente correspondente, a Intervención informa favorablemente a aprobación da transferencia de crédito condicionada a aprobación definitiva do PAI 2015.

Por estes motivos, propónse a aprobación dunha modificación orzamentaria de transferencia de crédito, minorando as partidas correspondentes á débeda (amortizacións e intereses) para aumentar as partidas propostas.

Sobre a base de todo o exposto, propónse ao Pleno da Corporación, en virtude do disposto no artigo 10º das Bases de Execución do Presupuesto, e logo de informe de Intervención, a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.** – A aprobación do expediente de modificación presupostaria de transferencia de Crédito MC 02 2015 TC 01 2015 por un total de 49.256,15€ segundo o seguinte desglose:

Partidas que se minoran

Partida	Concepto	Importe
011.913.00	Débeda pública- Amortización	46.003,05
011.310.00	Débeda pública- Intereses	3.253,10
	<b>TOTAL</b>	<b>49.256,15€</b>

Partidas que aumentan

Partida	Concepto	Importe
3321.622.00	Biblioteca. Edificios e outras construcións	22.000,00€
450.609.00	Administración xeral de infraestruturas. Outros investimentos novos en infr.e bens adicados a uso xeral	12.000,00€
920.632.00	Admon. Xeral. Investimento de reposición en edificios	3.000,00€
171.221.99	Parques e xardíns. Outros subministrados	4.000,00€
336.609.00	Protección e xestión do Patrimonio Histórico-Artístico. Outros invest. novos en infr.e bens adicados a uso xeral	8.256,15€



## CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

	<b>TOTAL</b>	<b>49.256,15€</b>
--	--------------	-------------------

**SEGUNDO.-** Esta aprobación terá carácter provisional, establecéndose un prazo de exposición ao público, logo de anuncio en Boletín Oficial de Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar reclamacións ante o Pleno. En caso de producirse reclamacións, requirirase a aprobación definitiva do expediente polo Pleno da Corporación. Pola contra, considerarase definitivamente aprobado o expediente, non entrando en vigor ata que se produza a publicación da aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia, resumida por capítulos.

O que se eleva ao Pleno para a súa aprobación, se procede."

A Comisión informativa de Facenda, Estatística e Especial de Contas, por catro votos a favor do PP e dúas abstencións do PSdG-PSOE e do BNG, acorda ditaminar devandita proposición favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación."

Aberto o turno de intervencións, prodúcense as seguintes:

Sr. Vergara Rey: Sí. Bueno, non sei si o cambio, isto é unha cuestión de tipo técnico, señora secretaria, señor interventor, que claro, ao aprobar esta modificación que estemos aprobando automaticamente a compra, gustárame, si lles da permiso, sobre todo á señora secretaria e tamén ó señor interventor, para aleccionarnos neste sentido, porque isto é moi importante. Efectivamente, nosoutros votamos en falta neste procedemento os informes técnicos necesarios, por qué 22 e non 27 ou 18 ou 15, iso hai que falalo para facelo de maneira correcta. Por outro lado tamén nos parece exactamente o mesmo nas dúas adquisicións, tanto no edificio como nese espacio que hai ahí na rúa da Silva, Adquisición de inmovible solar para mellora de espacio urbano 12.000 euros, porque nosoutros creemos que aquí tamén existen outros procedementos máis ventaxosos para o Concello, independentemente de que poidamos considerar ou non que son elementos independentes á importancia da compra, polo tanto, dende o punto de vista formal, gustárame señor alcalde que lle dese vida a estas dúbidas que eu estou comentando, ¿é necesario informe técnico?¿o informe técnico en qué sentido iría?Porque esta modificación de crédito non significa aprobar necesariamente a compra, así o entendemos nosoutros, ¿qué requerimentos legais se precisan?

Sr. Alcalde: Bueno, no seu momento seguir o procedemento, proxectos técnicos e listo, os técnicos van marcar...

Sr. Vergara Rey: ¿Cando vostede se refire a técnicos a quen se refire?

Sr. Alcalde: Refiérome a informe técnico do arquitecto e a informe de secretaria e de intervención.

Sra. Rodríguez Pérez: Eu remítome a que este tema foi o que vostedes trataron de urxencia no pleno de hai oito días, eu remítome ao que dixen daquela, é dicir, votei en contra da urxencia e consecuentemente vou votar agora tamén en contra.



## **CONCELLO DE CEDEIRA** (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06  
C.I.F.: P-1502200-G

Sr. Alcalde: De acordo. Gracias.

O concello Pleno, en votación ordinaria, por sete votos a favor do PP, un voto en contra do BNG e tres abstencións do PSdG-PSOE, acorda: APROBAR o ditame da Comisión informativa de Facenda, Estatística e Especial de contas nos termos nos que quedou transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás nove horas e corenta minutos do expresado día, extendéndose a presente acta do que eu, como secretaria, dou fe.